

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2019-2020. Resolución do 6 de maio de 2019, DOG 23 de maio.

Materia: Lingua galega e literatura

Grao	Medio
Data	10 de setembro de 2019
Alumno/a	DNI:
Cualificación	

INSTRUCCIÓNS

Formato

A proba está composta por dúas opcións. Tanto a opción A como a opción B constan de 14 preguntas distribuídas da seguinte forma.

- Primeiro bloque: tres cuestións relacionadas cun texto.
- Segundo bloque: unha cuestión de expresión escrita.
- Segundo bloque: dez cuestións tipo test. Cumprirá elixir unha única resposta correcta para cada pregunta e sinalala na táboa de solucións ás preguntas.

Puntuación

- 1 punto por cada pregunta referida ao texto e 2 puntos polo exercicio de redacción.
- 0,5 puntos por cada pregunta tipo test. Haberá unha penalización por erro na resposta das preguntas tipo test de 0,25. Non existirá penalización no caso de non responder.

Duración

O tempo estimado para responder: 60 minutos (1 hora).

Execución

As respostas indicaranse debidamente na táboa final de solucións.

Materiais ou instrumentos que se poden empregar durante a proba

Bolígrafo con tinta negra ou azul.

Advertencia para o alumnado

Está prohibido usar material adicional para a realización da proba. O incumprimento desta norma será motivo de expulsión.

OPCIÓN A

TEXTO

Sacar o lixo da casa todos os días é un luxo que algúns xa non se poden permitir. A alcaldesa da cidade vén de anunciar que o ano que vén o camiión deixará de pasar os domingos e os festivos, e que ademais a retirada dos envases do contedor amarelo se realizará só tres veces por semana. As arcas municipais están baixo mínimos e, segundo a **rexedora**, a recollida diaria é un privilexio do que se pode prescindir, como xa fan moitas outras cidades do mundo. Un argumento que non convenceu os cidadáns e que desatou unha **morea** de duras críticas, sobre todo porque a capital reintroduciu en 2009, tras máis de 20 anos de ausencia, unha nova taxa específica que non se traduciu nunha mellora do servizo: pola contra, viuse deteriorado por sucesivos recortes orzamentarios nos últimos anos. O debate está na rúa: Compensa renunciar a este “privilexio” a cambio dun aforro mínimo (uns tres euros por ano) na taxa? É realmente un luxo innecesario sacar o lixo todos os días?

“Claro que é un luxo! Sempre o foi. Non se pode manter como paradigma de excelencia a desaparición visual do lixo. Hai que racionalizar o sistema”, sostén o presidente do Instituto para a Sustentabilidade dos Recursos (ISR). “Nós levamos 20 anos reclamando que non se recolla o lixo os domingos, pero non polos motivos económicos que agora forzaron a iso o Concello, senón por razóns ambientais e de **sustentabilidade**”, aclara. Pero advirte: “Non se trata de reducir a frecuencia para aforrar e esquecerse do tema. Trátase de aumentar a eficiencia para conseguir mellores resultados a menor prezo”.

Segundo Martínez-Orgado, é posible reducir custos e mellorar a limpeza nas rúas. Pero para iso cómpre un plan estratéxico a longo prazo, non só medidas de aforro rápido. Precisamente o ISR vén de elaborar un, chamado *Low-cost na xestión de residuos*, que presentará o próximo 3 de xuño. Propón, entre outras cousas, **optimizar** os contedores para os adecuar ás necesidades e ás circunstancias de cada área, mellorar os sistemas de segregación dos residuos e estudar novas fórmulas para tirar máis proveito na fase de recuperación.

Os veciños tampouco quedaron calados. “Nós non estamos en contra de procurar fórmulas de aforro. Pola contra, levamos anos facendo propostas para racionalizar o gasto e conseguir máis eficiencia no tratamento dos residuos. O que non nos parece ben é que se tomen decisións deste tipo sen consultar antes cos axentes sociais”, di o responsable de Ambiente da Federación Rexional de Asociacións Veciñais.



- **1.** Faga, en tres ou catro liñas, un resumo do texto onde quede claramente reflectida a idea principal deste. Logo, sintetíceo nun título axeitado:

- Resumo:

- Título:

- **2.** Defina as seguintes palabras remarcadas no texto (lembre que se pide definición, non simplemente un sinónimo):

- Rexedora:

- Morea:

- Sustentabilidade:

- Optimizar:

- **3.** Escriba tres adxectivos que aparezan no texto e indique en que liña aparece cada un:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

- **4.** Redacte un texto de aproximadamente doce liñas acerca dalgún tema relacionado co lixo e o tratamento de residuos (se non lle chega este espazo, pode continuar polo outro lado da folla):





- 5. Indique a resposta correcta indicando a letra correspondente no cadro da derradeira páxina.

1. A forma verbal "forzaron" (líña 15) corresponde a:

- a) Pretérito perfecto de indicativo.
- b) Pretérito pluscuamperfecto de subjuntivo.
- c) Infinitivo conxugado.

2. A palabra "custos" (líña 19) é un:

- a) Adverbio.
- b) Substantivo
- c) Adxectivo.

3. Indique cal das seguintes palabras subliñadas é un pronome relativo e ten un antecedente.

- a) As arcas están baixo mínimos e a recollida diaria é un privilexio do que se pode prescindir.
- b) Hai que racionalizar o sistema.
- c) Claro que é un luxo!

4. Na estrutura "A alcaldesa da cidade vén de anunciar que o ano que vén o camión deixará de pasar os domingos", a secuencia "A alcaldesa da cidade vén de anunciar que" realiza a función:

- a) De suxeito.
- b) De complemento circunstancial.
- c) Non realiza función ningunha nesa estrutura.

5. Os textos descritivos caracterízanse por:

- a) Abundancia de substantivos, adxectivos e complementos do nome.
- b) Abundancia de verbos que indican acción.
- c) Ausencia de adverbios.

6. A expresión "*Low-cost*" aparece en cursiva no texto porque:

- a) É un nome propio.
- b) É un estranxeirismo.
- c) É unha palabra parasintética.



7. A palabra "cómpre" (líña 20) leva til:

- a) Porque é grave rematada en vogal.
- b) Para a diferenciar doutra que se escribe igual pero ten significado diferente.
- c) Realmente non debería levar til neste caso.

8. No texto, na expresión "Claro que é un luxo!" (líña 12) aparece un único signo de admiración, ao final.

- a) É correcto. Está ben. Non hai nada que comentar.
- b) É incorrecto; unha mostra da escasa formación académica do autor do texto
- c) É incorrecto; unha clara interferencia da linguaxe da xuventude nas mensaxes curtas.

9. Indique a secuencia cronoloxicamente correcta:

- a) Cantigas de amigo - Séculos Escuros - Rosalía de Castro - Castelao.
- b) Rosalía de Castro - Cantigas de amigo - Séculos Escuros - Castelao.
- c) Séculos Escuros - Castelao - Cantares de Amigo - Rosalía de Castro.

10. A normativa oficial actual da lingua galega:

- a) Baséase na utilizada por Afonso X nas cantigas e actualizouse no Rexurdimento.
- b) Foi aprobada en 1982 e a última reforma é de 2003.
- c) Foi establecida por Airas Nunes, Pondal, Castelao e Uxío Novoneyra, reunidos en sesión plenaria na sede do Instituto da Lingua Galega.



OPCIÓN B

Texto

“Aínda eu non nacera e a miña nai era pequena. Na bocanoite dun día morno de abril, as xentes da miña vila ollaron unha raiola de luz que viña do mar, batendo no campanario da igrexa como unha raiola de sol coada por unha fenda das nubes; pero non era de sol nin de luar nin de cousa semellante. Aquilo era unha luz de lóstregos, botada por un ollo vixiante, que cachea algo, deténdose de tempo en tempo no campanario da igrexa para saber a hora e seguir despois traballando. As xentes acudían en greas desde tódolos cabos da vila e plantábanse na praza, todos caladiños coma petos. Chantados os pés no chan seguían cos ollos o movemento da luz: alentaban a modo e os corazóns batían forte. Xa noite pechada chegou o médico, home de moito creto científico, e todos se foron a el agardando que da súa boca saíse a verdade. O médico ollou a luz, engurrou o nariz, encolleu os ombreiros e dixo con cara de poucos amigos: - Eu non coñezo este fenómeno. Nunca tal dixera. Unha muller formulou nun chío de dor o medo de todos. E as xentes entolecidas espalláronse polas rúas berrando: “¡Que se acaba o mundo! ¡Que se acaba o mundo!”

AFONSO DANIEL RODRÍGUEZ CASTELAO: Cousas. Editorial Galaxia.

- **1.** Faga, en tres ou catro liñas, un resumo do texto onde quede claramente reflectida a idea principal deste. Logo, sintetíceo nun título axeitado:

- Resumo:

- Título:



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

- 2. Defina o significado que teñen no texto as seguintes palabras remarcadas nel (lembre que se lle pide dar definicións, non sinónimos):

Morno:

Fenda:

Lóstrego:

Espallar:

- 3. Cite un exemplo de palabra grave, outro de aguda, outro de esdrúxula e outro de monosilábica presentes no texto anterior (indique a liña en que aparecen, en cada caso).
- 4. Escriba un texto que se centre nalgún fenómeno da natureza, desde calquera punto de vista (exemplo: a beleza da neve na montaña, beneficios e prexuízos da chuvia, etc.). Aproximadamente 10 liñas.
- 5. Indique a resposta correcta:
 1. A palabra "bocanoite", que aparece na primeira liña, é:
 - a) Simple.
 - b) Composta.
 - c) Derivada.
 2. A forma verbal, "nacera", tamén na primeira liña, está en:
 - a) Antepretérito ou pluscuamperfecto.
 - b) Presente de subxuntivo.
 - c) Participio.
 3. A expresión "todos caladiños coma 0petos", na liña 6, débese entender como:
 - a) Que todos estaban coa roupa mollada.
 - b) Que había un silencio absoluto.
 - c) Que estaba un tempo moi cálido.



4. A palabra "aínda", no principio da primeira liña:
- É un adverbio.
 - É un substantivo.
 - É un participio verbal.
5. Indique a serie correcta:
- Andou, conduciu, creu, foxe, corríxui, obedezo, leses.
 - Andivo, conduceu, creu, fuxe, corríxeu, obedezo, leses
 - Andou, conduciu, creu, foxe, correxiu, obedezco, leesas
6. Cal é a definición correcta de "complemento circunstancial"?
- O que completa o significado dun verbo transitivo ou obxecto que recibe a acción dun verbo directamente.
 - O que expresa a persoa ou cousa que recibe a acción verbal indirectamente.
 - O que expresa a circunstancia de tempo, modo, lugar etc., da acción do verbo.
7. Na liña 9 (que comeza por "que da súa bova...") hai un erro de acentuación. Identifíqueo:
- A palabra "súa" non debe levar til.
 - "Ollóu" non debe levar til.
 - "Nariz" debería levar til.
8. En cal destes anos se publicou en Bos Aires a obra de Castelao "Sempre en Galiza"?
- 1944.
 - 1878.
 - 1812.



9. En que zonas dialectais se divide o galego:

- a) En dúas: galego do norte e galego do sur.
- b) En dúas: galego medieval e galego moderno.
- c) En tres: oriental, central e occidental.

10. Unha destas institucións é a encargada de determinar a gramática normativa da lingua galega:

- a) A Universidade de Santiago de Compostela.
- b) A Editorial Galaxia.
- c) A Real Academia Galega.



Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

TABLA DE SOLUCIÓNS

OPCIÓN A				OPCIÓN B			
Nº	A	B	C	Nº	A	B	C
1				1			
2				2			
3				3			
4				4			
5				5			
6				6			
7				7			
8				8			
9				9			
10				10			

Nº de respostas correctas (C)	
Nº de respostas incorrectas (I)	
Puntuación do exame =	

Parte da proba: Substitutiva do requisito de titulación: ESO

Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Parte da proba acceso: Substitutiva do requisito de titulación para o acceso e admisión ás ensinanzas profesionais de Artes Plásticas e Deseño para o curso 2019-2020. Resolución do 6 de maio de 2019, DOG 23 de maio.

Materia: Lingua galega e literatura. Solucións

TABLA DE SOLUCIÓNS							
OPCIÓN A				OPCIÓN B			
Nº	A	B	C	Nº	A	B	C
1	X			1		X	
2		X		2	X		
3	X			3		X	
4			X	4	X		
5	X			5	X		
6		X		6			X
7		X		7		X	
8	X			8	X		
9	X			9			X
10		X		10			X